

Xacemento San Xurxe

010204

Datos de Localización

Necrópole

Nomenclator:	3200507
Coord. UTM:	X: 601944 Y: 4643242
Concello:	Baltar
Parroquia:	VILAMAIOR DA BOULLOSA
Lugar:	Vilamaior da Boullosa
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Necrópoles
Subtipo:	Necrópole



Denominación: Xacemento San Xurxe

Etapa Histórica: Idade Media

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Dende Baltar, coller a vella estrada de comunicación cara a Boullosa. Na entrada deste pobo desviarse á dereita en dirección a Tosende uns 1'6 km. Tomar á dereita unha pista da parcelaria que non ten saída e que se atopa xusto en fronte dunha granxa. Tras percorrer uns 300- 400 metros ao longo desta pista, o xacemento atópase a ámbolos dous lados.

Ubícase nun outeiro, actualmente cortado por unha pista da concentración parcelaria, situado na parte final da ladeira sur do alto do Picoto, formando os límites septentrionais da zona da Veiga e val do Salas, cara os que mira.

O propio nome deste lugar indica que noutros tempos existíu un lugar cultural adicado a este santo. Debido as remocións feitas pola concentración parcelaria, xa fora localizado un sartego antropomorfo inacabado á beira da estada actual.

Na revisión realizada no ano 2005 localizouse unha posible tapa de sartego de granito decorada. A tapa ten forma lixeiramente trapezoidal-o extremo visible aparece fragmentado e cun certo arredondamento-, cunhas dimensións de 0'96 m de longo x 0'58 m de ancho e 0'10 m de groso (a lonxitude total descoñécese, xa que encontrouse chantada no terreiro). Bordeando un dos extremos lonxitudinais vense unha serie de semicírculos ou arcadas gravadas, nun total de cinco na parte visible.

Nun punto cercano, formando parte dun dos amontoamentos deixados pola concentración, localizouse outra peza rectangular de granito, en bloque, que ben poidera tratarse doutro sartego (estaría boaca abaixo) ou ben doutro tipo de elemento arquitectónico. Na parte visible conta con algúns signos gravados, que poideran ser máis recentes (podería diferenciarse unha "A", aínda que en xeral a lectura é difícil).

Na visita actual, no ano 2009, non se localizou ningún destes elementos. Todas estas referencias apuntan a que neste lugar existise un antigo lugar de culto (pequeno templo ou capela con necrópole anexa) de época medieval.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32005021.

Características Construtivas**Plantas:****Edif. Anexas:****Mat. Fachada:****Mat. Estrutura:****Mat. Cuberta:****Elementos singulare****Construtivos:****Decorativos:****Delimitación do Ben e da contorna****Situación:** Outros**Area de Protección:** 200 m.**Protección****Tipo de ben:** Inventariado**Proposta de tipo de ben:****Estado de Tramitación:** Declarado**Nivel de Protección Arq.:** ----**Proposta Nivel de Protección Arq.** ----**Grao de Protección Arq.:** Grupo II**Proposta Grao de Protección Arq.****Xustificación da Protección:****Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Malo**Uso Actual:** Monte baixo e pequenos carballos, con prados ao redor.**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:** Morfolóxicas**Data:****Descrición:** A zona atópase moi modificada debido á execución da concentración parcelaria, coa apertura de pistas (unha delas cortouna) e a remoción de terras e valados (un dos sartegos

localizouse á beira da estrada mentres que o outro dos elementos apareceu ao lado dos amontoamentos deixados polas máquinas).

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Na actual revisión do 2009 non se localizou ningún destes elementos.

Bens Mobles





